

MIES É +

TALLERES EXPERIMENTAIS DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Do 26 de outubro de 2019 ao 31 de maio de 2020
Horario: 11:00-13:00 h

DIRIXE: Fermín Blanco

IMPARTEN: David Antuña, arquitecto; Santiago Chenlo e Natalia Santamaría, educadores

COORDINA: Virginia Villar

O CGAC presenta a quinta edición deste ciclo de talleres dedicado á arquitectura contemporánea e dirixido ao público infantil. Este ano pecharemos de novo o programa cun obradoiro dirixido ás familias.

Os talleres, que teñen lugar a última fin de semana de cada mes, desenvólense baixo a dirección do arquitecto Fermín Blanco co apoio do equipo didáctico do Sistema Lupo. O seu obxectivo é proporcionarlles aos nenos e nenas as ferramentas e as claves precisas para interpretar a arquitectura do noso tempo a través das teorías, os proxectos e os traballos dos arquitectos e arquitectas máis importantes dos últimos tempos. Os temas serán tratados transversalmente, empregando a arquitectura como fio condutor e valéndonos de diferentes figuras do contexto arquitectónico para introducirmos en mundos creativos a través do seu pensamento.

O Sistema Lupo aposta por unha didáctica activa, experimental, mestura de teoría e práctica, onde o xogo é o verdadeiro aglutinante dunha dinámica creativa de carácter cooperativo na que a construción é o eixe de investigación. As partes prácticas desenvólense a partir dunha serie de pezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporcións, xogos de equilibrio e estratexias de acción. As dinámicas que se propoñen fomentan a reflexión e a creatividade individual, o traballo en equipo e a construción a grande escala.

TALLERES INFANTÍIS

OUTUBRO. Balkrishna Doshi. A universalidade do local

Sábado, 26 de outubro. Para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo, 27 de outubro. Para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: do 14 ao 25 de outubro
Desde a India, Doshi desenvolve unha traxectoria vinculada ao estudo da arquitectura vernácula. Unha obra universal que parte do estudo do ámbito local.

NOVEMBRO. Zaha Hadid. Deconstruímonos en equipo

Sábado, 23 de novembro. Para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo, 24 de novembro. Para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: do 11 ao 22 de novembro
A sempre controvertida obra de Hadid supón un desenvolvemento formal. Analizaremos a súa evolución desde os primeiros proxectos teóricos ata a súa última fase, onde a obra se depura transformándose nunha arquitectura única e expresiva.

XANEIRO. Bruno Zevi. A linguaxe da arquitectura moderna

Sábado, 25 de xaneiro. Para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo, 26 de xaneiro. Para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: do 13 ao 24 de xaneiro



El CGAC presenta la quinta edición de este ciclo de talleres dedicado a la arquitectura contemporánea y dirigido al público infantil. Este año cerraremos de nuevo el programa con un taller dirigido a las familias.

Los talleres, que tienen lugar el último fin de semana de cada mes, se desarrollan bajo la dirección del arquitecto Fermín Blanco con el apoyo del equipo didáctico del Sistema Lupo. Su objetivo es proporcionar a los niños y niñas las herramientas y las claves necesarias para interpretar la arquitectura de nuestro tiempo a través de las teorías, los proyectos y los trabajos de los arquitectos y arquitectas más importantes de los últimos tiempos. Los temas serán tratados transversalmente, empleando la arquitectura como hilo conductor y valiéndonos de diferentes figuras del contexto arquitectónico para introducirmos en mundos creativos a través de su pensamiento.

El Sistema Lupo apuesta por una didáctica activa, experimental, mezcla de teoría y práctica, donde el juego es el verdadero aglutinante de una dinámica creativa de carácter cooperativo en la que la construcción es el eje de investigación. Las partes prácticas se desarrollan a partir de una serie de piezas modulares que permiten múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporciones, juegos de equilibrio y estrategias de acción. Las dinámicas que se proponen fomentan la reflexión y la creatividad individual, el trabajo en equipo y la construcción a gran escala.

TALLERES INFANTILES

OCTUBRE. Balkrishna Doshi. La universalidad de lo local

Sábado, 26 de octubre. Para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo, 27 de octubre. Para niños y niñas de 9 a 11 años
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: del 14 al 25 de octubre
Desde la India, Doshi desarrolla una trayectoria vinculada al estudio de la arquitectura vernácula. Una obra universal que parte del estudio del ámbito local.

NOVIEMBRE. Zaha Hadid. Nos deconstruimos en equipo

Sábado, 23 de noviembre. Para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo, 24 de noviembre. Para niños y niñas de 9 a 11 años
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: del 11 al 22 de noviembre
La siempre controvertida obra de Hadid supone un desarrollo formal. Analizaremos su evolución desde los primeros proyectos teóricos hasta su última fase, donde la obra se depura transformándose en una arquitectura única y expresiva.

ENERO. Bruno Zevi. El lenguaje de la arquitectura moderna

Sábado, 25 de enero. Para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo, 26 de enero. Para niños y niñas de 9 a 11 años
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: del 13 al 24 de enero

Os escritos de Bruno Zevi, mestre da interpretación e da análise da linguaxe arquitectónica, servirán de conexión entre Estados Unidos e Europa. A través das súas invariantes da arquitectura moderna creará as bases para unha nova arquitectura onde moitos autores atoparán un faro guía dos novos tempos.

FEBREIRO. Lilly Reich. *Diseño e arquitectura*

Sábado, 22 de febreiro. Para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo, 23 de febreiro. Para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: do 10 ao 21 de febreiro
Deseñadora de mobiliario, creativa, desenvolvedora de deseños industriais, parte activa da Bauhaus e estreita colaboradora de Mies van der Rohe (baixo cuxa sombra permaneceu durante décadas), a figura de Lilly Reich está redescubréndose nos últimos anos; e é que, con Lilly, Mies é máis.

MARZO. Alejandro de la Sota. *Bloques lóxicos*

Sábado, 28 de marzo. Para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo, 29 de marzo. Para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: do 16 ao 27 de marzo
A obra de De la Sota está ligada aos procesos lóxicos e á busca da esencia en arquitectura. Un interese que desenvolve ao longo da súa traxectoria tratando de depurar as respostas a cuestións universais. Lonxe do capricho e da exclusividade, propón unha arquitectura esencial, seriada e lóxica.

ABRIL. Wang Shu e Lu Wenyu. *Reutilización. Más vidas que un gato*

Sábado, 25 de abril. Para nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo, 26 de abril. Para nenos e nenas de 9 a 11 anos
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: do 13 ao 24 de abril
A parella chinesa achéganos a unha arquitectura baseada na recuperación de materiais. Inmersos nun país en transformación, onde a escala se fai inabarcable e os procesos se aceleran, en ocasións de xeito incontrolado, a súa aposta por alongar o ciclo de vida dos materiais é un posicionamento ético, un manifesto ante a época e as circunstancias que lles tocou vivir.

OBRADOIRO ESPECIAL PARA FAMILIAS

MAYO. Diébédo Francis Kéré. *Conexión humana*

Sábado, 30 de maio. Para familias con nenos e nenas de 6 a 8 anos
Domingo, 31 de maio. Para familias con nenos e nenas de 9 a 11 anos
Prazas: 12 / Prazo de inscrición: do 11 ao 22 de maio
A traxectoria de Kéré en Burkina Faso remítenos ás esencias da profesión, vincúlanos ao ser humano e ao poder da comunidade. A súa obra, estreitamente ligada ao material, ás técnicas e á participación comunitaria, descóbrenos un modo de exercer a arquitectura que nos conecta co terreo e coas súas xentes.

INSCRIPCIÓN

Todos os talleres son de balde. As persoas interesadas poderán inscribirse, dentro dos prazos establecidos, a través do enderezo electrónico cgac.educacion@xunta.gal indicando os seguintes datos: nome completo e idade dos participantes, número de teléfono, enderezo electrónico e nome do taller ao que desexan asistir. Poderase inscribir un máximo de dous participantes mediante cada solicitude. As prazas cubriranse por orde de inscrición. As persoas solicitantes recibirán unha notificación por correo electrónico.

Los escritos de Bruno Zevi, maestro de la interpretación y del análisis del lenguaje arquitectónico, servirán de conexión entre Estados Unidos y Europa. A través de sus invariantes de la arquitectura moderna creará las bases para una nueva arquitectura donde muchos autores encontrarán un faro guía de los nuevos tiempos.

FEBRERO. Lilly Reich. *Diseño y arquitectura*

Sábado, 22 de febrero. Para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo, 23 de febrero. Para niños y niñas de 9 a 11 años
Plazas: 12 / Plazo de inscripción: del 10 al 21 de febrero
Diseñadora de mobiliario, creativa, desarrolladora de diseños industriales, parte activa de la Bauhaus y estrecha colaboradora de Mies van der Rohe (bajo cuya sombra permaneció durante décadas), la figura de Lilly Reich está redescubriéndose en los últimos años; y es que, con Lilly, Mies es más.

MARZO. Alejandro de la Sota. *Bloques lógicos*

Sábado, 28 de marzo. Para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo, 29 de marzo. Para niños y niñas de 9 a 11 años
Plazas: 12 / Plazo de inscripción: del 16 al 27 de marzo
La obra de De la Sota está ligada a los procesos lógicos y a la búsqueda de la esencia en arquitectura. Un interés que desarrolla a lo largo de su trayectoria tratando de depurar las respuestas a cuestiones universales. Lejos del capricho y de la exclusividad, propone una arquitectura esencial, seriada y lógica.

ABRIL. Wang Shu y Lu Wenyu. *Reutilización. Más vidas que un gato*

Sábado, 25 de abril. Para niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo, 26 de abril. Para niños y niñas de 9 a 11 años
Plazas: 12 / Plazo de inscripción: del 13 al 24 de abril
La pareja china nos acercan a una arquitectura basada en la recuperación de materiales. Inmersos en un país en transformación, donde la escala se hace inabarcable y los procesos se aceleran, en ocasiones de manera incontrolada, su apuesta por alargar el ciclo de vida de los materiales es un posicionamiento ético, un manifesto ante la época y las circunstancias que les tocó vivir.

OBRADOIRO ESPECIAL PARA FAMILIAS

MAYO. Diébédo Francis Kéré. *Conexión humana*

Sábado, 30 de mayo. Para familias con niños y niñas de 6 a 8 años
Domingo, 31 de mayo. Para familias con niños y niñas de 9 a 11 años
Plazas: 12 / Plazo de inscripción: del 11 al 22 de mayo
La trayectoria de Kéré en Burkina Faso nos remite a las esencias de la profesión, nos vincula al ser humano y al poder de la comunidad. Su obra, estrechamente ligada al material, a las técnicas y a la participación comunitaria, nos descubre un modo de ejercer la arquitectura que nos conecta con el terreno y con sus gentes.

INSCRIPCIÓN

Todos los talleres son gratuitos. Las personas interesadas podrán inscribirse, dentro de los plazos establecidos, a través de la dirección electrónica cgac.educacion@xunta.gal indicando los siguientes datos: nombre completo y edad de los participantes, número de teléfono, dirección de correo electrónico y nombre del taller al que desean asistir. Se podrá inscribir un máximo de dos participantes mediante cada solicitud. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Las personas solicitantes recibirán una notificación por correo electrónico.



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal



Xacobeo 2021

galicia

